

## FICHA REPASO

### TEMA 2 (Páx 16 á Páx. 27)

#### BUSCA AS RESPOSTAS NO LIBRO E NOS ESQUEMAS DO CADERNO

#### 1.- Relaciona segundo corresponda

Budismo	O sentido da existencia para os hinduístas é poñer fin ao ciclo da reencarnación
Islam	O sentido da existencia consiste en someterse á Vontade divina
Hinduísmo	O sentido da existencia consiste en alcanzar o Nirvana para eliminar a dor

#### 2.- Explica en tres ou catro frases en que consiste a New Age

#### 3.- le o seguinte texto

*“ As relixións móvense no campo da procura do sentido da vida intentando responder ao porqué e o para qué f profundo das cousas. O home tende a preguntarse sobre o sentido último de todo o que o rodea e de si mesmo. E para satisfacer este interrogante non é suficiente a descrición do modo como se producen os fenómenos. As relixión procuran as respostas do seu interrogantes reflexionando sobre todo o que constitúe a vida das persoas e da humanidade no seu conxunto, é dicir, a experiencia humana global.”*

- Escribe un titular que resuma o seu contido

#### 4.- le os seguintes textos

Xn 8, 1-11 (páx 103 do libro)

Mt 6, 12 (páx 103 do libro)

Lc 7, 36-50 (páx 103 do libro)

Lc 6,37 (páx 103 do libro)

Mt 18, 23-35 (Páx 104 do libro)

- Que frase de cada texto resume ao teu xuízo resume o significado do perdón para o cristián
- Segundo cada texto que efectos ten o perdón na persoa que o recibe

5.- Le o seguinte texto

*“Entón Pedro, achegándose, preguntoulle:*

*Señor cantas veces teño que perdoar a meu irmán se segue ofendéndome ata 7 veces?*

*Respondeulle Xesús:*

*Non che digo ata 7 veces, senón ata setenta veces sete.”*

O número sete na Biblia representa a totalidade

A expresión setenta veces sete non se refire a unha cantidade determinada, senón a un número ilimitado

- Tendo presente o significado do número 7 e da expresión setenta veces sete. Consideras que sempre hai que perdoar as ofensas que nos fan? Razona a túa resposta
- Consideras que para que haxa verdadeira relación entre o xénero humano é necesario que perdoemos sempre. Razona a túa resposta

**CORREO DE CONTACTO**

[religionantioquia@gmail.com](mailto:religionantioquia@gmail.com)